



## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

O consumo e o tráfico de drogas supón unha cuestión preocupante na sociedade moderna, tanto polas súas consecuencias no eido da saúde coma polos efectos non desexables para a seguridade cidadá. Neste contexto a loita contra o narcotráfico constitúe unha prioridade de primeira orde.

Asemade, o consumo de substancias aditivas, precisa de accións políticas decididas para mellorar a educación para a saúde e potenciar hábitos saudables nos nosos mozos e mozas.

O Parlamento de Galicia fai un chamamento a todos os galegos e galegas para continuar no esforzo da loita contra as drogas e o narcotráfico, seguros de que entre todos podemos acadar un futuro libre desta problemática.

Con este motivo quere tamén amosar o seu apoio á campaña Panos Brancos contra a Droga, que promove a Fundación Galega contra o Narcotráfico, co ánimo de seguir fomentando todas as actividades de sensibilización social neste eido.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 08.